



Concello de Xove

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE XOVE E A ASOCIACIÓN PRESTOXOVE PARA O EXERCICIO 2021

Reunidos en Xove, na data sinalada.

De unha parte, D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove con D.N.I. núm. 33.993.648Q, asistido do Secretario da Corporación D. Luis María Fernández del Olmo, con D.N.I. 10.588.613B, que da fé do acto.

De outra parte D. Xan Carballal González, con D.N.I. 33843442-T, actuando en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN PRESTOXOVE, con C.I.F. G27393347, e domicilio social en Colexio de Palmeiro, s/n, 27879, Rigueira, Xove (Lugo).

Ambas partes recoñécense mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente

MANIFESTAN

Que as entidades locais, en canto Administracións Públicas, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que se consideren de utilidade pública, de interese social ou de promoción de unha finalidade pública, mediante a concesión de subvencións, segundo o disposto no artigo 2 da lei 38/2006, Xeral de Subvencións.

Que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións se prevé a posibilidade de concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais





Concello de Xove

Que o Concello de Xove en virtude das súas competencias en materia de cultura, considera preciso establecer unha estreita colaboración coas entidades cidadás que participan no proceso de execución de proxectos, programas ou actividades relacionadas con esta materia.

Que a Asociación Prestoxove é unha entidade sen ánimo de lucre, rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións co número 23 e que segundo os seus estatutos entre os seus fins está a organización e participación en actividades culturais.

Que na Base de Execución 29 do Orzamento Municipal de 2021, figura prevista unha axuda por importe de 20.000,00.-€ a favor de dita asociación, con cargo á aplicación orzamentaria 326.489

Que o presente Convenio se formaliza para dar cumprimento ao previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

Polo anteriormente exposto, o Concello de Xove e a Asociación Prestoxove subscriben o presente Convenio Regulador da Subvención e mutua colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto regular a subvención, de carácter discrecional, concedida polo Concello de Xove á Asociación Prestoxove para o ano 2021, consignada na aplicación orzamentaria 326.489 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para financiar o programa/actividade Personal Docente para a Orquesta Clásica de Xove, ano 2021, e XXX Curso de Semana Santa Musical, en virtude da Resolución de Alcaldía de data 22 de abril. O importe da axuda concedida ascende a 20.000,00.-€.





Concello de Xove

Consonte ao recollido no artigo 17 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, a percepción da presente axuda será compatible coa de outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de entes públicos ou privados, sempre e cando o importe da totalidade das axudas percibidas non supere o coste do programa ou actividade subvencionada.

SEGUNDA.- Obrigas da entidade

1.- Destinar a totalidade dos fondos recibidos exclusivamente á finalidade para a que foi concedida a subvención e executar o proxecto ou actividade subvencionada dentro do ano 2021.

2.- Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento da actividade, xa sexa a través de persoal propio ou contratado ou en colaboración, responsabilizándose de todas as obrigas de natureza laboral e fiscal que se deriven (impostos, seguridade social, etc.)

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e organización, que os órganos competentes do Concello realicen, en particular, ás actuacións de comprobación e control financeiro que se realicen pola Intervención Municipal no exercicio do seu labor de control interno.

4.- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

5.- Facer constar de xeito claro que a actividade ou programa está subvencionado ou patrocinado polo Concello de Xove, nos exemplares dos programas, carteles, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.

6.- Presentar a conta xustificativa da subvención concedida dentro do prazo establecido

7.- Proceder ao reintegro da parte da axuda non xustificada, no seu caso e, en xeral, no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do RD 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o





Concello de Xove

Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCERA.- Obrigas do Concello de Xove

1.- Como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, e consonte o establecido na Base 32 das de Execución do Orzamento Municipal de 2021, efectuar o pagamento anticipado do 70% do importe a conceder (14.000,00.-€) no momento da sinatura do presente Convenio.

2.- Proceder ao abono do 30% restante unha vez presentada debidamente e fiscalizada de conformidade, a conta xustificativa da subvención concedida.

3.- Consonte ao recollido na Base 31 das de Execución do Orzamento Municipal de 2021, comunicarase mediante Resolución de Alcaldía, a concesión da Subvención, tendo esta carácter definitivo.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables todos aqueles gastos que resulten inherentes ao desenvolvemento do programa ou actividade na que se basa a concesión da axuda, que sexan imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

Non terán a consideración de subvencionables os gastos de investimento ou de natureza inventariable así como tampouco os impostos, taxas, recargas e sancións administrativas ou penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Consonte ao establecido na Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2021, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, o beneficiario deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro de 2021.

QUINTA.- Forma e prazo de xustificación do convenio e da axuda concedida





Concello de Xove

A xustificación das subvencións concedidas deberá igualmente presentarse a través da Sede Electrónica <https://xove.sedelectronica.gal> dentro da pestana “Enlaces de Interese”, concretándose a modalidade de xustificación mediante conta xustificativa do gasto realizado.

1.- A xustificación da subvención efectuarase polo beneficiario mediante a presentación da Conta Xustificativa de Subvención Nominativa, segundo modelo facilitado como Anexo IV, acompañada da seguinte documentación:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Documentos xustificativos dos gastos realizados, esto é FACTURA ou FACTURA SIMPLIFICADA, que deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1619/2012, ademáis de estar datadas no periodo subvencionable e cuxo contido de xeito resumido é o seguinte:

- a) Número e no seu caso, serie
- b) Data de expedición
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do expedidor como do destinatario (que ten que coincidir co beneficiario da subvención)
- d) N.I.F. do expedidor da factura e N.I.F. do destinatario
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións (beneficiario da subvención)
- f) Descrición da operación realizada co suficiente detalle, incluíndo o importe unitario **sen imposto** da operación
- g) O tipo impositivo ou tipos do IVA, no seu caso, aplicados ás operacións. Caso de estar exenta de IVE, facer referencia a este extremo
- h) O importe a que ascende o IVE





Concello de Xove

i) Importe total da factura

Non se admitirán facturas emitidas a persoa física ou xurídica distinta do beneficiario da subvención.

Caso de se presenten nóminas, como xustificantes de gastos de personal, éstas deberán figurar asinadas polo perceptor. Os xustificantes de gastos da Seguridade Social son os documentos TC1 e TC2 así como o comprobante bancario que acredite o pago.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “tickets” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros, e nos que figure o selo do establecemento así como a denominación e o CIF da entidade beneficiaria da subvención (sen esta condición non se admitirá o ticket).

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

As facturas deberán aportarse en orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Só excepcionalmente, se admitirán facturas que foran enviadas ao beneficiario da subvención mediante correo electrónico ou outro medio telemático. Neste caso, no mesmo Anexo IV da Conta Xustificativa deberase asinar unha declaración xurada responsable de que as ditas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións e quedan en custodia da asociación ou entidade a disposición do Concello para a súa comprobación cando se requira.





Concello de Xove

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados **como xustificante antes do 15 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia**, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

Nos xustificantes de pago debe terse en conta o seguinte:

-O pagador debe ser o beneficiario da subvención

-O terceiro que percibe as cantidades pagadas (proveedor, traballador, seguridade social, beneficiario do premio), ten que coincidir co terceiro que apareza no documento xustificativo do gasto

-Concepto polo que se realiza o pago, a título de exemplo “pago da factura nº xxx de data xx/xx/xx”

3) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

4) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica e Seguridade Social. O certificado de débedas co Concello de Xove será emitido de oficio polo Tesoureiro Municipal.

Consonte ao artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán





Concello de Xove

estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos insertada no Anexo IV.

2.- A xustificación das subvencións deberá realizarse **antes do 15 de decembro** do ano correspondente debendo xustificarse a totalidade da axuda concedida. Caso de que así non fose, procederáse pola Alcaldía-Presidencia, previo informe da Interventora Municipal, á redución da contía concedida e reflectida no correspondente Convenio de xeito proporcional á contía xustificada.

3.- Toda a documentación presentada deberá vir asinada dixitalmente polo representante legal da entidade ou asociación.

SEXTA.- Reintegro.

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións

SÉTIMA.- Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

OCTAVA.- Réxime xurídico

Para todo o non previsto neste Convenio estarase ao disposto no Capítulo 3º do Título III das Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2021, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no RD 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003.

NOVENA.- Vixencia do Convenio

O presente Convenio de Colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos





Concello de Xove

fondos percibidos en concepto de xubvención e da aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

Para que así conste e en proba de conformidade, asinan ámbalas dúas partes dixitalmente, dando fé de todo canto antecede o Secretario Municipal.

O Alcalde,
Prestoxove,
Asdo. Demetrio Salgueiro Rapa
González

O Presidente de
Asdo. Xan Caraballal

Dou fe,
O Secretario Municipal,
Asdo. Luis María Fernández del Olmo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

